


Altamira



CONCELLO DE BRION

FEBREIRO-1986

ANO-I

Nº 2



ALTAMIRA

REVISTA TRIMESTRAL
DO CONCELLO DE
BRION

SUMARIO

	Páxina
Editorial	2
Entrevista	3
Servicios Sociais	5
Presuposto de 1986	6
Noticieiro	7
Viaxe a Madrid	11
Reflexións sobre iste ano ...	12
Pili Veiga	13
Pasatempos	13
Biografía: D. Luís Tobío ...	14

EDITORIAL

EDITORIAL

Hai unha triste realidade de atraso na nosa terra que, a pesar de que desde xaneiro podemos erguer o letreiro de EUROPEOS, impide, cecais aínda por moito tempo, disfrutar do benestar medio que Europa lle ven ofrecendo á maioría dos seus cidadáns.

Galicia terá que facer un esforzo dobremente grande que o resto das comunidades de España se quere estar á altura do desenvolvemento da Europa Comunitaria.

Non esteamos enganados: por sermos europeos ninguén nos vai regalar nada. Teremos axudas, é certo, escoitaránnos máis, ofreceránnos solucións o máis axeitadas posible á nosa realidade... pero, sen ningunha dúbida, só ó traveso do noso esforzo real, da nosa capacidade de adaptación ás novas regras do Mercado Común, da nosa conciencia crara do tremendo atraso no que estamos mergullados e, finalmente, da preparación técnica e vontade decidida dos nosos gobernantes galegos, poderemos acollernos ó tren da modernización e desenvolvemento que a Europa Comunitaria téñen en marcha.

O noso presente está moi impregnado de pasado ignorante e servil e, naméntas non sacudamos estes lastres, o futuro albíscase moi lonxe para todos nós.

Ser Europeos non é só un título, supón, canto menos, outro xeito de vivir...



O oficio de discrepar para o xefe da oposición

Discrepar é o dereito máis importante que reconece unha democracia e a posibilidade de expresala libremente, mide o alcance da mesma nunha comunidade.

Hoxe traemos a Altamira o primeiro representante da oposición política no noso Concello que tén como función primordial sinalar cousas discrepancias a súa visión ante a problemática da nosa comunidade enriquecendo, coa mesma, as posibles solucións.

Xosé García Ferreira é veciño dos Anxeles e ten en Piñeiro o seu domicilio actual.

Choca na súa persoa a xuventude coa temprana militancia nun partido conservador. Dende os catorce anos simultaneou o traballo cos estudos, onde acadou o título de Graduado Social; tendo, ademais, algúns estudos de dereito.

Traballa como funcionario presentando os seus servizos na universidade de Santiago como xefe de sección. Confésanos que é un estudioso da Administración pública, e polos moitos cursiños que tén no seu haber, síntese

un técnico na materia. Amablemente préstase a falarnos das súas experiencias como primer concellal da oposición.

PREGUNTA. — Sr. García Ferreira, no noso Concello, como é característico no sistema democrático, conviven dúas liñas políticas ben definidas: a levada a cabo polo grupo Independente, representado por unha ampla maioría que goberna o Concello desde os dous últimos mandatos, e a composta por Coalición Popular, da que vostede é o máximo representante. ¿Podería dicirnos como xurdiu a súa militancia en Alianza Popular?

RESPOSTA.— En xaneiro de 1974, cando xa se comenzaba a palpar a proximidade da transición dun réxime político dictatorial a un sistema democrático, funme metendo, cun fato de amigos da Universidade de Santiago que tiñan nas súas cabezas unhas inxerencias e ideas políticas probablemente máis definidas cás miñas. A finais de 1975 comeza a miña actividade política activa, colaborando na difusión e creación do primeiro partido de FRAGA: Reforma Democrática. Máis adiante, xurde Alianza Popular, sendo militante fundador do mesmo.

No 1979 encabecei a lista de C.D. (Coalición Democrática: A.P. e outros partidos coaligados) ó Concello de Brión, saíndo elixido concellal. A principios de 1980, a candidatura á Xunta Provincial da Coruña de A.P., da que eu formaba parte, resulta vencedora, sendo durante os anos 1980 e 1981 membro da Executiva Provincial de A.P. No 1981, co gallo das eleccións ó Parlamento Galego, figurei como candidato ó mesmo nas listas de A.P. da provincia da Coruña.

Xa, finalmente, en maio de 1983 lideraba a candidatura da Coalición Popular ó Axuntamento de Brión, saíndo elixido concellal e, en función da porcentaxe dos votos obtidos, nombrado tenente-alcalde.

Os poucos meses destas eleccións, por causa de profundos cambios xurdidos no seo do partido e sobor de todo pola falta de transparencia e de democracia interna, causei baixa como afiliado de Alianza Popular. En consecuencia, debo rematar dicindo que hai casi tres anos que non estou afiliado a ningún partido político.

P. — Os seus intereses políticos limitanse ó traballo dentro do Concello de Brión ou, polo contrario, espera progresar dentro do seu partido e alcanzar maiores responsabilidades fora do Concello?

R.— Debo reconecer que hai algún tempo tiña certa inxerencia por adentrarme na actividade plena de Alianza Popular, con tódalas consecuencias, pero os meus estudos e as miñas limitacións económicas que me obrigaban a estar ocupado plenamente as 24 horas do día, apartáronme desa nube. Polo tanto, confórme con ser un humilde membro da Corporación municipal, motivo de orgullo, por outra parte, para calquera brionés.

P. — ¿Que aspectos da ideoloxía de Coalición Popular destacarías máis?

R.— Lóxicamente, como persoa non militante de ningún partido, non podo enxuciar como parte interesada a ideoloxía dun partido, neste caso de A.P. De tódalas maneiras, se ben ningún programa de ningún partido é de aplicación, o cen por cento, eu destacarías como grandes liñas mestras de A.P.: defensa da liberdade e da democracia, economía de libre mercado, pro-occidentalista, liberdade de ensino, seguridade cidadán, etc.

P. — O comité local de Alianza Popular, ¿que nivel de afiliación tén no noso Concello?

R.— Na actualidade descoñezo o nivel de militancia de A.P. no noso concello, que nalgún momento foi notable.

P.5.— O ano que ven voltará a haber eleccións municipais, ¿espera voltar a encabezar a lista para alcalde co seu partido?

R.— Neste intre a resposta e NON, nin encabezar nin formar parte de ningunha lista. Agora ben, nestos temas casi sempre impónse máis o vínculo e o compromiso cás persoas que cunha ideoloxía determinada e si algunhas destas persoas consideran convinte que a miña aportación e experiencia pode ser de utilidade para encabezar algunha candidatura, podría recapacitar.

P.— ¿Como definiría as relacións entre os grupos políticos do noso Concello: amigables e fluidas ou, polo contrario, con roces e tensións?

R.— Como en toda relación, pasou de todo. Na actualidade as relacións entre tódolos membros da Corporación son cordiais aínda que mantendo, lóxicamente, os distintos pareceres de cada un; non existindo, polo tanto, ningún roce nin tensión.

P.— ¿Téñense, en xeral, en conta as opinións do seu grupo á hora de diseñar calquera plan municipal?

R.— Debo recoñecer que en bastantes ocasións as miñas suxerencias, modificacións e peticións a feitos puntuables, foron asumidas e levadas á práctica polo goberno municipal, se ben, como é fácil deducir, as grandes pautas e decisións adóptaa este.

P.— Os presupostos municipais, que se axustan cada ano, son, cicais, o elemento que orixina maiores discrepancias dentro da política municipal; ¿Que pensa da actual distribución do presuposto para este ano?

R.— Ben, os problemas de que Vde. me fala danse xeralmente nos axuntamentos chamados grandes, non sucedendo así nos pequenos como é o noso. A actual distribución do presuposto é, fundamentalmente, realista e axústase ás necesidades do concello.

P.— ¿Que defecto lle encontra, e que millora propoñería?

R.— Creo, como dixen antes, que a distribución do presuposto é adecuada e responde ás necesidades puntuais do momento.

P.— O alcalde na súa entrevista sinalábanos como o feito máis destacado do seu mandato: o remate das diferenzas entre as distintas parroquias. ¿Está Vostede de acordo con esta afirmación?

R.— Coincido, en liñas xerais, co manifestado polo Alcalde. Se ben poden existir algunhas diferenzas de trato, máis no terreo persoal que local. Sen dúbida esto vaise corrixir co

tempo e o bo sentido común, que debe imperar por encima de todo.

P.— As Normas subsidiarias de ordenamento territorial son o instrumento co que moitos Concellos pretenden rematar coa anarquía urbanística tan característica de Galicia. ¿Que pensa vostede deste plan establecido no noso Concello?

R.— O tan manido tema da ordenación territorial, que fai correr ríos de tinta, hai que acometelo de maneira inmediata se é que a sociedade galega quere saír do seu secular retraso. O primeiro paso a dar para conseguila ansiada comarcalización e calificación do terreno é que os propios concellos definan os seus territorios a traveso da aprobación de Normas Urbanísticas. Neste senso, témola satisfacción de que o noso Concello sexa pioneiro neste tema, xa que téñen elaboradas e aprobadas as súas Normas. O noso plan urbanístico, aprobado despois de varias correccións e matizacións introducidas por algúns membros da Corporación, entre os que me encontro, creo, sinceramente, que é bo.

P.— Considera que a atención o público, e demais servizos que presta o personal empregado no axuntamento, é satisfactorio en xeral?

R.— A atención ó público, así como toda a problemática administrativa xenerada pola relación administración-administrado, resólvese dunha maneira correcta e adecuada. Este servizo é, sen dúbida, o espello da actuación municipal.

P.— Desde o Concello promóvense moitas iniciativas tales como: cursiños, trofeos deportivos, mantemento de grupos folclóricos, plans de mellora para vivendas, etc. ¿Participa o seu grupo nestas iniciativas simplemente co seu apoio, ou, ademais, presenta algunhas suxerencias?

R.— Como no resto das actividades propoias da Corporación, nestas participamos en sentido amplo na medida do permitido e das facilidades ou invitacións que se nos ofrecen.

P.— ¿Cre vostede que este tipo de iniciativas teñen, en xeral, boa acollida entre os nosos veciños?

R.— Si. Aínda que non todas teñen a mesma aceptación e o mesmo eco; pero, que dúbida cabe, dun concello rural con poucas posibilidades de ocupar os ratos de descanso, por carecer doutros atractivos, todas esas iniciativas son ben acollidas.

P.— No noso Concello acometeuse nos últimos anos un decidido plan de ampliación e mellora da extensa rede

de camiños. ¿Que opinión lle merecen os resultados deste plan?

R.— Non cabía outra alternativa. Nun concello cunha forte dispersión das vivendas como é o noso, había que procurar unilos e comunicalos a través dunha rede viaria. Os resultados á vista están, pero non deben caber trunfalismos pois non hai que olvidar que o progreso dos pobos está cimentado fundamentalmente nos bos medios de comunicación.

P.— ¿Que calificación lle daría ó estado actual das estradas e vías públicas?

R.— Moi bo, pero, como antes, aquí tampouco se debe ser conformista. Hai que aspirar a poder ofrecer cada día unha mellor rede viaria.

P.— A sanidade do noso Concello ¿considéraa satisfactoria ou aínda deficitaria?

R.— Este é un punto no que o Axuntamento fixo moito, pero tamén é certo que moito queda por andar. A Corporación pón todo da súa parte para que a situación sanitaria, no seu conxunto, mellore no noso Concello, pero encóntrase con que factores fundamentais para que a mesma chegue a ser óptima escápanse á súa competencia, por selo das autoridades sanitarias centrais ou autonómicas.

P.— ¿Cal é ó seu entender o servizo peor atendido?

R.— Hai varios servizos, como xa deciamos noutros momentos, que non están cubertos dunha maneira plena, se ben é certo que as súas causas non son sempre, ou case nunca, imputables á Corporación Municipal.

P.— Que virtude destacaría e que defecto sinalaría ó actual goberno municipal.

R.— Do actual equipo de goberno do noso Axuntamento destacaría fundamentalmente a súa unión, capacidade de traballo e xestión. Como defecto, se é que se lle pode chamar así, eu encóntrolle o de non recoñecer outras realidades que, probablemente, ensimismados na súa ampla maioría escápaselles á súa sensibilidade.

P.— Engada, se quere, algo que considere de interese para o noso Concello

R.— Como colofón quixera pedir-lles ós meus veciños que perdure sempre entre eles a cordura e o sentido común por enriba de tódalas cousas. Que a unidade, a perseverancia e a defensa dos valores tradicionais, no intento de millorar día a día o noso municipio, se acrecenten cada vez máis. Só así conseguiremo-lo futuro aneado.

Unha axuda imprescindible para os grupos máis necesitados

Por Carme de la Sierra Vázquez

Como todos os viciños coñecen, este Departamento está aberto os luns no baixo da Casa do Concello, atendido por unha asistente social. A súa misión é dar resposta ás demandas sociais presentadas polos viciños, tanto a nivel individual como colectivo. Pero, ¿qué son os servicios sociais?

Dunha forma sinxela, podemos dicir que son aqueles recursos que a sociedade, a administración e as institucións poñen en marcha para mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Este Departamento de Servicios Sociais encádrase dentro dos chamados de atención primaria ou servicios sociais de base, xa que logo hai outro escalón que son os chamados servicios sociais especializados, que comprenden áreas como son sanidade, drogodependencias, alcoholismo, etc.

Como xa se dixo, o Departamento está atendido por unha asistente social, que é unha profesional do traballo social coa obriga de coñecer as necesidades da poboación e os recursos existentes para que estes poidan chegar ós usuarios e conseguí-lo mellor proveito deles. Polo tanto, unha das funcións que máis se leva a cabo é a informativa e orientativa.

Este Servicio Social de base empezou a súa andadura en marzo de 1984 e atende o ámbito territorial do Concello de Brión que comprende 73,85 Km². Ten 9 parroquias con 106 lugares e un total de 7.323 habitantes. Aínda que o campo de aplicación do traballo social é moito máis amplo, a profesional que o atende fai máis ben un traballo de tipo individual, atendendo as demandas que lle presentan os viciños de maneira que as que aparecen con maior frecuencia son por este orden:

- demandas de minusválidos
- solicitudes de información e orientación
- demandas relativas á terceira idade
- demandas relativas á infancia e á xuventude
- problemáticas referidas á pobreza, marxinación e desorganización familiar
- problemática da vivenda.

SEXO	
H	M
69	33

EST. CIVIL			
S	C	V	S
—	25	11	1

IDADE						
menos 14	14 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64	máis 65
7	5	8	15	27	16	24

Todo isto fai referencia ó traballo feito de marzo a decembro de 1984, tempo no que se atenderon 102 casos que se reparten por sexo, estado civil e idade da seguinte maneira.

Como pode verse, ó Departamento acoden máis os homes solteiros e maiores de 45 anos pero hai que facer constar que é posible que estes datos non se axusten á realidade, debido a que nos primeiros meses de traballo atendéronse moitas demandas de recoñecemento de minusvalías por parte de homes.

Ó falar de que se fai un traballo individual quérese dicir que se atende á persoa soa ou ó seu contexto familiar, dando resposta á súa necesidade concreta polo que a profesional atende máis que nada demandas de información e problemáticas de minusválidos, terceira idade, asistencia sanitaria, etc. Por isto é que os recursos que máis se moven son os de prestacións económicas, asistencia médico-farmacéutica tanto do Concello coma da Seguridade Social, prestacións complementarias, exemplo: sillas de rodas, recoñecementos e axudas de minusválidos.

O facer un traballo individual ven determinado pola desconexión que se produce ó traballar un só día á semana no Concello de Brión, e isto non permite unha atención continuada a grupos que poderían ser da mocidade, de vellos ou de fomento de actividade, o que tería unha maior repercusión na comunidade.

De especial interés é o recurso municipal máis mobilizado: a cartilla de asistencia sanitaria, da que dispoñen aqueles viciños que por unha situación económica débil ou por outras circuns-

tancias, non lles permite acollerse á asistencia da Seguridade Social. O padrón de Beneficiencia Municipal do noso Concello ten un total de 71 cartillas, das que se benefician 87 persoas. Das 71 familias acollidas á Beneficiencia Municipal

Anxeles	23 familias
Bastavales	4 familias
San Salvador	5 familias
Brión	7 familias
Cornanda	6 familias
Luaña	10 familias
Ons	5 familias
Viceso	6 familias

Os beneficiarios son en gran maioría mulleres solteiras e maiores de 60 anos. Isto, ¿é posible que sexa debido a que son, precisamente mulleres solteiras, as máis reacias a cotizar a Seguridade Social, ou por ser elas as que teñen menos medios económicos? Hai que ir a que tódolos cidadáns teñan Seguridade Social, polo que a Beneficiencia Municipal debe quedar reducida a aquela xente con unha deprimida situación socio-económica, sen recursos para cotizar á Seguridade Social; aínda así moitos maiores teñen dereito a ser beneficiarios das cartillas dos seus familiares, o que lles permite unha cobertura asistencial máis completa.

Doutra parte, os minusválidos contan coa Cartilla de asistencia médico-farmacéutica que consiste nunha cartilla individual que lle supón a asistencia médica e farmacéutica gratuita e que se lle tramita neste Departamento.

Para este ano 1986

CERCA DE 75 MILLONS DE PRESUPOSTO

● Forte descenso da axuda estatal

O presuposto de este ano tén, coma característica principal, o forte descenso da axuda estatal en case o 30% co que queda moi limitada a acción do Concello para este ano.

Os case 13 millóns que aparecen de máis, respecto do ano pasado, é debido á inclusión dos cerca de 20 millóns de pesetas de aportación da Diputación para o plan Provincial de obras e servizos, e que o derradeiro ano non figuraban.

Ademáis dos 75 millóns presupuestados, o noso Concello tén previstas unha serie de inversións procedentes das subvencións de diversos organismos para levar a cabo plans conxuntos que acrecerán notablemente estes setenta e cinco millóns iniciais.

Entre os organismos oficiais que ofrecen as diferentes subvencións, atópanse: A diputación, co plan de acción Comunitaria; o patronato para a mellora da vivenda rural; e o

I.N.E.M. (Instituto Nacional de Emprego).

Outra axuda importante é a derivada do plan de Centrais Eléctricas que cada ano aporta ós Concellos afectados por embalses hidroeléctricos, unhas cantidades de cartos en compensación polos perxuícios causados coa súa presenza.

Por este concepto, o noso Concello percibirá a cantidade de 7 millóns, que será adicada totalmente a camiños.

EDUCACION E CULTURA

8.800.000

- Enerxía eléctrica, calefacción, limpeza, reparacións escolas e grupo escolar
- Cursiños de natación e campamento
- Escola de Baile e de gaita
- Excursións culturais da terceira idade

- Actos conmemoración do centenario de Castelao
- Revista Altamira
- Premio de Novela Blanco Amor
- Reparación dos Cruceiros
- Subvención A.P.A.
- Festas da froita e de Santa Minia

BENEFICENCIA

1.100.000

- Medicamentos familias necesitadas

- Asistente social
- Axuda ó Asilo de vellos
- Axudas a situacións extremas

PERSONAL

16.900.000

- 5 funcionarios de plantilla
- 2 prazas de nova creación

- Asignacións de membros da corporación
- Seguridade Social
- Personal contratado

ADMINISTRACION

6.700.000

- Gastos de oficina, xudiciais e notaría
- Proxectos técnicos (1.500.000)

- Amortización de préstamos (2.784.000)
- Seguros de vehículos
- Confección do padrón de habitantes (900.000)

SERVICIOS

40.400.000

- Plan provincial de Obras e Servizos
- Combustible e reparacións de vehículos e ferramentas

- Alumeado público (5.000.000)
- Reparacións de edificios (500.000)
- Obras comunitarias e saneamento de aldeas (4.345.000)

VARIOS

1.000.000

- Primeira fase do cemiterio de Brión. (Esta cantidade será reembolsada polos viciños)



Os Reis Magos visitaron Brión por segunda vez

Por segundo ano consecutivo, para ledicia dos máis cativos, os Reis Magos pasaron polo noso Concello deténdose da súa longa viaxe, por dúas horas no concello, para saudar a tódolos rapaces que acodiron ali cheos de ilusión a pedirles, persoalmente, coa esperanza de poderen ver satisfeita a súa ilusión, pola mañán, ó despertarse dun sono pequeno e inqueda.

Os Reis montados en briosos cabalos, fixeron a súa entrada na casa do Concello entre os aplausos dos maiores e os ollos asombrados dos meniños, que non daban creto ó que vían nin acougo ó seu corpo.

O noso Alcalde, despois

dun afectuoso saúdo, en nome de todo o Concello, doulles a benvinda e fíxolles fincapé en que atenderan a tódalas demandas que os meniños de todo o Concello lle fixeran por escrito ou ali mesmo.

Antes de partir, os Reis prometeron que o ano vindeiro novamente farán un alto en Brión e que, coma sempre, escoitarán as peticións de tódolos rapaces e maiores que queiran seren nenos unha vez ó ano e, coma eles, recollan con ilusión o que garimosamente estea pousado xunto os seus zapatos, para evitar equívocos, o día seguinte pola mañán despois de pasa-los Reis por Brión.

Mourentáns e Vilar dispoñerán de teléfono público

Os lugares de Mourentáns e Vilar, na parroquia de Viceso, dispoñerán de teléfono público probablemente xa dentro deste ano.

Estes dous teléfonos públicos viranse sumar ós outros seis (Boullón, Luaña, Goiáns, A Graña, Ons e Esparís) xa instalados no noso Concello dentro do plan de colaboración entre a Diputación Provincial e a Telefónica para dotar de teléfono a tódalas áreas da provincia con unha distancia de dous quilómetros.

Tanto estes como os outros

instalados nas parroquias de Luaña, Cornanda e Viceso, funcionarán polo sistema de radio-teléfono porque os propietarios dos terreos no chegaron a acordo coa Telefónica para cede-lo paso das liñas do tendido. Mágoa que fora así, pois deste xeito pechouse máis aínda, quizais por moito tempo, a posibilidade de que nesa zona se poidesen ir instalando teléfonos particulares, sumando así un novo atranco á arravesada política de concesións de teléfonos que sigue a Compañía Telefónica.

Recoñecemento Oficial do escudo municipal

Coa publicación no Diario Oficial de Galicia do 21 de decembro do ano pasado o escudo do noso Concello, xa difundido desde hai moito tempo polas diferentes publicacións municipais, pasa a ter un recoñecemento oficial a tódolos efectos da súa organización que queda da seguinte maneira, empregando a difícil linguaxe dos especialistas: De azur, con escusón de prata, cargada con cabeza de lobo, de sable lampasada de gules, e as súas torres de prata adxuradas de gules postas en orla; ó timbre, coroa real pechada.

Os escudos de armas están elaborados por especialistas recoñecidos, de xeito que a súa firma avala o dereito á utilización dos distintos elementos simbólicos de coores e



figuras, baseados sempre no pasado histórico real

Por iso o noso Concello recolle en un número importante —seis castelos— o símbolo principal do poder feudal. A figura do lobo que tamén aparece no noso escudo, é un símbolo moi usado na heráldica galega, e ven a facer referencia á nobre familia dos Moscosos, que domiñaron no Concello, hai xa séculos, simbolizando a bravura e nobleza do linaxe.

Festival do Nadal no colexio de Brión



O Colexio de Brión, en colaboración co Concello e asociación de pais, levou a cabo o festival do Nadal no que interviron numerosos rapaces nunha variada mostra de escenificacións, bailes, cancións, contos e declamacións, na procura de ensinarlles ós pais, a mais de entreter as habilidades artísticas dos seus fillos.

A falta dun local axeitado, tivose que levar a cabo este acto colexial, no recinto do Comedor, que, se ben non reúne as condicións adecuadas, permite nesta ocasión, facer unha mostra de aspectos da educación dos nosos fillos diferente do tradicio-

nal traballo exclusivo sobre os libros.

Pechou este acto, como o ano pasado, a intervención da rondalla composta por alumnos e ex-alumnos do Colexio que interpretou sonadas melodías de vello arrecendo estudiantil.

Despois do Festival, no patio do Colexio, case ó mediodía, actuou par tódolos rapaces un grupo de marionetas contratadas polo Concello que fixo as ledicias de tódolos presentes. As marionetas a pesar de ser un dos medios escénicos máis sinxelos, posee un elevado grado de atracción sobre os rapaces.



Plan de obras en colaboración Concello-INEM

O Concello de Brión firmou novamente, co Instituto Nacional de Emprego (INEM), un plan de colaboración que permite dispoñer de 10 obreiros do paro durante tres meses para acometer diferentes obras dentro do Concello.

MILLORAS NA FONTE DE BUSTO DE FRADES

En Busto de Frades hai unha gran satisfacción en tódolos viciños polo arreglo da fonte e construción dun novo lavadeiro e bebedeiro do gando, que lles permite dispoñer de suficiente caudal de auga durante todo o ano.

A única fonte da que dispoñen os viciños de Busto de Frades, ocasionaba no vran serios trastornos no suministro, motivado polo baixo nivel do caudal que impedía que a auga manase con suficiente fluidez para poder atender a tódalas

demandas.

A obra consistiu na baixada do nivel do cano mediante un rebaixe no terreo e construción de lavadeiro cuberto.

Este pequeno arreglo, veu a solucionar, de unha maneira sinxela, un grave problema que arrastraban os viciños desde sempre.

CERRAMENTO DO CAMPO DE FUTBOL DA LUAÑA

O equipo de traballadores do INEM levou a cabo o arreglo do cerramento do campo de fútbol da Luaña afectado polo último temporal, que causou serios danos ó noso Concello. Especialmente afectada resultou a parroquia da Luaña na que, entre os diversos danos, atopábase o derrubamento do muro do campo de Fútbol que foi susanado en canto o tempo o permitiu.

70 nenos do noso concello reciben clases de baile



A profesora de baile comezou a súa formación no baile galego desde moi meniña, pois xa ós catro anos formaba parte do afamado grupo "Cantigas e agarimos", que tantos éxitos leva colleitado dentro e fora de Galicia na súa longa historia.

Na actualidade, María Xosé, segue bailando nese mesmo grupo. A súa longa experiencia no baile rexional, ó que adicou a maior parte da súa vida, faino catalogar como unha das mäs experimentadas e expresivas.

O baile rexional é unha das manifestacións culturais dun pobo mäs ricas e coloristas e, igual que a língoa e a música, permite revivir moitas inxedanzas e sentimentos dos nosos antergos que ó traveso das obras de arte deixannos o tetimuiño do seu saber e sentir.

Por terceiro ano consecutivo está a impartir clases de baile rexional a profesora María Xosé Sanmartín Martínez a setenta nenos do noso Concello repartidos en dous grupos.

O horario das clases é tódolos sábados de 9 a 11 e media no local dos Anxeles, e de 12 a 1 e media na parroquia de Vicoso.

O pasado cultural é unha das maiores riquezas dun pobo; conservalo e fomentalo debe ser sempre un oxectivo primordial de calquera comunidade, pois coa súa difusión contribúe a manter vivos os valores tradicionais dunha cultura, ademäs de poñer a disposición de toda a xuventude un medio extraordinario de formación, expresión e entretememento.

Nova taxa municipal

O Concello tén establecida desde este ano por primeira vez, a Ordenanza fiscal de reserva de entrada de vehículos e de aparcamento exclusivo. Os viciños que o soliciten, serán concedido este dereito mediante o pago de unha taxa municipal de 500 pesetas por metro reservado, sendo esta a primeira vez que se establece esta taxa no noso Concello.

Case tódolos Concellos, e sobre todo os de grandes núcleos urbanos, teñen establecida a aplicación desta taxa desde hai moitos anos e supón a única solución para quedaren libres zonas destinadas para atención dos servicios dos comercios e entradas dos garaxes nos edificios.

O pago desta Taxa autoriza a colocar diante da zona reservada a sinal de prohibido aparcamento, polo que tódolos vehículos que contraveñan esta orde poderán ser multados.

A falta de aplicación deste dereito no noso Concello trouxo altercados e moitos perxudicios para varios comerciantes que, en días de festas ou de algún acontecemento importante ó que acodira moita xente, vían como lles pechaban as súas saídas de vehículos co que quedaba bloqueado o seu servico e, por tanto, perxudicábaselle o seu negocio. O bando que publica a Ordenanza avisa que os interesados teñen todo o mes de febreiro para solicitalo.

27 de Setembro e 15 de maio:

Festividades locais

A Corporación do noso Concello, facendo uso da prerrogativa legal que lles autoriza a escoller dous días do ano como festas locais e que se recollerán no calendario laboral do Concello coma días non laborables, acordou en pleno establecer como tales o 26 de setembro, víspera de Santa Minia, xa que neste ano o día da Santa cae a Sábado e o 15 de maio, festa de San Cidre labrego.

Normalmente, os Concellos buscan que estas datas recollan as festas tradicionais mäs sinaladas das parroquias. Neste caso, é lóxico que a Santa Minia e mailo San Cidre sexan as escollidas coma festas locais. Sen embargo estas festas pódense variar cada ano, segundo o acordo a Corporación do Concello en función sempre do interés da maioría dos viciños.



Melloras no colexio de Pedrouzos

Con motivo dos "XV xogos escolares do Tambre" que está a organiza-lo Colexio de Pedrouzos e nos que participan trece colexios do arredor, proxectouse un plan de milloras no Colexio que está a acometer o Concello.

Estas obras teñen como finalidade continuar co programa de dotación de novas pistas deportivas, comezando o ano pasado, e facer unha reordenación do patio exterior que permita un mellor aproveita-

mento para o xogo e esparcemento dos nenos e, ó mesmo tempo, ofrezca unha mellor imaxe que o aspecto de descuido que presenta na actualidade.

Entre as melloras que se están a cometer temos a ampliación dunha pista de minibasket, ata as dimensións regulamentarias e que foi habilitada o ano pasado no espazo estreito da entrada do Colexio. Tamén cóntase poder construír unha nova pista de balonman e eliminar os dous socialcos das

beiras das pistas deportivas, coa creación dunhas gradás para espectadores.

Ademais, ó mesmo tempo que se fan estas melloras, o Concello está a estudar a posibilidade de aillar dos lugares habituais de xogo e esparcemento, pequenas zonas de patio que permitan o seu axardiñado, co que se pretende adecentar un pouco a imaxe externa do Colexio.

A presenza dos socialcos fai que os rapaces, no libre esparcemento suban e baixen por eles, correndo e xogando, polo que, ó podelos aillar axeitadamente, impide poder facer deles unha zona verde.

O intento de axardiñar os socialcos foi acometido por un mestre nos primeiros anos de abrirse o Colexio, contando daquela con un balado de postes de ferro e aramio. Posteriormente, foi caendo no abandono de tal xeito que os nenos, acabaron arrincando os propios postes de ferro coas súas bases de cemento armado incluídas, quedando ciscadas polo patio.

O enorme esforzo organizativo que supón ser a sede destes xogos, que se desenrolan ó longo de todo o ano, posibilita, se se traballa ben, dispoñer de numerosas axudas de entidades oficiais e privadas que traería como consecuencia unha mellora substancial da dotación de material e instalacións deportivas para o noso Colexio.

Primeira poda dos carballos de Santa Minia



Este ano, acometeuse por fin unha poda na carballeira de Santa Minia e da que viña necesitando desde hai moitos anos. Xa o ano pasado en vista da necesidade iniciouse unha pequena, pero, ó ver que era insuficiente, decidiuse abordar este ano unha en profundidade.

Para realizar este traballo hubo que dispoñer de unha cuadrilla de traballadores e un coche grúa para alcanzar as copas das árbores, e as polas máis altas. O importe total da poda que necesitou unha semana de traballo rondará as trescentas mil pesetas.

Tamén hai que destacar, para satisfacción de todos, que xa está comezada a obra de ordenación da Carballeira e coa boa marcha que leva, axiña veremos os resultados deste ambicioso proxecto.

Un sentido adiós para o alcalde de Madrid

O Concello de Brión manifesta a súa condoencia pola morte do entrañable profesor e querido Alcalde de Madrid, *Don Enrique Tierno Galván*.

Tódolos medios de comunicación, nacionais e moitos extranxeiros, fixeron eco do finamento do que foi unha das máis ilustres personalidades do noso país e que coa súa intelixencia e a súa integridade personal en tódolos ordes: profesional, ético, político e familiar, foi a admiración e o exemplo da maioría dos españois.

Altamira quere unir a esta

tumultuosa manifestación de dó e afecto, enviado de tódalas partes do mundo, para testimoniá-la súa dor por tan sentida perda sufrida por todo o pobo de Madrid, que chorouno coma se fora a do máis querido familiar.

O amigo Tierno, querido por grandes e pequenos, estudantes e obreiros, mozos e vellos, foi, coma ben sinalou alguén: "O mellor alcalde de Europa"... que fixo de Madrid unha nova cidade: máis humana, máis divertida, máis preocupada por si mesma, máis acollidora e, sobre todo, despertou novamente a ledicia de ser madrileño.

Plan de aforro enerxético

Desde o ano pasado o noso Concello ven poñendo en práctica un plan de aforro enerxético que supuxo no primeiro ano de aplicación unha forte diminución nos gastos destinados ó alumado público.

Este plan está baseado nas normas do Ministerio de Industria e Enerxía que permiten regular o consumo enerxético nas horas nocturnas, e nas que pasa a ter uns fortes descontos.

A posta en práctica deste plan de aforro veu suxerida pola Federación Española de Municipios e Provincias, da que é socio o noso Concello, e que permite recibir os beneficios dos seus estudos técnicos, e que un

concello só non podería abordar.

Este plan, despois de estudar a viabilidade para o noso Concello, esixía poñer uns contadores que fixasen, xunto ó consumo producido, as horas en que este se levase a cabo. Este requisito, imprescindible poder acceder ó beneficio de redución de tarifa por consumo nocturno, supuxo en principio unha inversión de cerca de 300 mil pesetas, pero que sen embargo rentou ó cabo do ano, un aforro de máis de dous millóns.

Agora mesmo, estase a estudar outro novo plan de aforro e do que se espera obter outro resultado tan beneficioso como o anterior.

EIRO... NOTICIEIRO...

no colexio de Brión

Proba comarcal de Campo traveso

• Brilante actuación dos nosos participantes



Con un día chuvioso e unha organización esmerada que salvou en gran parte este atranco, celebrouse sen maiores contratempos, a proba de Campo traveso na súa fase comarcal que, como sede organizativa dos XV Xogos escolares, correspon-

díalle a Brión levar a cabo.

Sobre un circuito moi visible, sen grandes dificultades e moi espectacular, fóronse desenvolvendo as oito probas correspondentes ás catro categorías de rapaces e rapazas.

Os do Colexio de Brión, igual que o ano pasado, acapararon numerosos premios, resultando ganadores da proba en catro categorías: *Alberto Rojo Rey* na categoría de benxamins, *Rosanna García Sixto* e *Rafael Fernández Tobío* nas dúas categorías de alevíns, *Anxeles Grovas Fernández*, *M.ª Xosé Casal Miguez* e *Beatriz Tobío Fernández*, todas da categoría de cadetes, acapararon os tres primeiros postos da proba. Tamén chegaron destacadas a benxamin *Rocío Pérez Casal*, segunda clasificada, e o tamén benxamin *José Ramón Carballo Gundín* que chegou en terceiro lugar, e, finalmente o cadete *Carlos Noya Lorasque* segundo clasificado.

A clasificación por equipos é a seguinte:

BENXAMINS FEMININO

- 1º.— C.P. da Baña
- 2º.— C.P. de Pino de Val
- 3º.— C.P. de Brión

BENXAMINS MASCULINO

- 1º.— C.P. de Brión
- 2º.— C.P. de Santa Comba
- 3º.— C.P. de San Cosme de Antes

ALEVIN FEMININO

- 1º.— C.P. de Bembibre
- 2º.— C.P. de Brión
- 3º.— C.P. de Negreira

ALEVIN MASCULINO

- 1º.— C.P. de Negreira
- 2º.— C.P. de Brión
- 3º.— C.P. da Baña

INFANTIL FEMININO

- 1º.— C.P. de Bembibre
- 2º.— C.P. de Brión
- 3º.— C.P. Pino de Val

INFANTIL MASCULINO

- 1º.— C.P. de Bembibre
- 2º.— C.P. de Negreira
- 3º.— C.P. de Bertamiráns

CADETE FEMININO

- 1º.— C.P. de Brión
- 2º.— C.P. de Bembibre
- 3º.— C.P. de Negreira

CADETE MASCULINO

- 1º.— C.P. de Bembibre
- 2º.— C.P. de Santa Comba
- 3º.— C.P. de Negreira

Comenzo da 5.ª Liga do Tambre

O pasado día 12 de xaneiro comezou a 5.ª Liga do Tambre, competición futbolística que nesta tempada conta coa participación dos equipos de Viceso, Ons, Liñaio, Aro e Os Anxeles.

A historia da Liga data do vrán do ano 1981, cando un mozo de Liñaio, Xosé Antón Romarís, propúxolle ós representantes dos equipos de fútbol de Xalas, Aro, Viceso, Lañas, Cando, Luaña, Liñaio e Ons que unha boa maneira de cofecerse, de acadar unha maior irmandade, non só entre os mozos, senon tamén entre tódalas persoas en xeral, así como ocupa-las tardes dos domingos, podería ser a de organizar unha competición de fútbol totalmente ó marxe da Federación. A idea foi ben acollida por todos e o nome escollido para ela sería o de Liga do Tambre, xa que tódalas parroquias tiñan en común o estaren preto ou ó pé do río Tambre.

Nomeouse un comité formado por un presidente, un secretario e un vocal de cada



Supremo: El Centro Gallego

unha das parroquias. O comité teríase que xuntar cada semana para atender tódolos aspectos da Liga: calendario de partidos, análise das xornadas, clasificación, resolve-los casos que xurdiran, sancionar xogadores, etc., todo elo de acordo coas actas dos partidos.

Cos problemas máis importantes resoltos, o día 25 de outubro de 1981 comeza a 1.ª

Liga do Tambre con 8 equipos fundadores en xogo. Cando tan só ía un mes de competición, xurden as primeiras liortas e o Xalas retirase; o mesmo pasa co Lañas, cando só faltaban unhas xornadas para rematala.

A sorte da Liga no tocante a problemas mellorou co comezo da 2.ª edición, na que se produciron as baixas de Xallas, e Lañas e a incorporación de Cobas e Broño.

Xa na tempada 83-84 (3.ª Liga do Tambre) prodúcese a baixa da Luaña, que pasa ó fútbol federado, e entran en competición Os Anxeles e Xallas, esquecidos os problemas de dous anos antes. Esta foi a tempada con máis equipos, 9 en total.

Sen dúbida a Liga levou un pau na tempada 84-85 coas baixas de Aro, Cobas, Xallas e Cando, polo que tan só contou con 5 equipos, e mesmo que na presente edición.

A xeito de estadística, diremos que só tres equipos, os de Ons, Viceso e Liñaio, xogaron tódalas edicións, namentras que tan só dous —Ons e Cando— poideron facerse co título de campeón: Ons en tres temporadas (81-82, 83-84, e 84-85), e o Cando na tempada 82-83.

Unha vez comezada a 5.ª Liga do Tambre, que aqueles dexos de cando se botou a andar volvan a ser realidade un ano máis, o que será sinal de que en anos vindeiros poidamos seguir con novas edicións.

Manuel Vidal Cajuso

108 RAPACES VIAXARON A MADRID

O Concello de Brión, en colaboración co goberno autónomo e Concello de Madrid, patrocinou unha viaxe a Madrid, que foi levada a cabo na primeira semana de febreiro, coa finalidade de dar a coñece-la capital do noso Estado, así como os organismos de goberno: Congreso de Diputados, Senado, Pazo Real..., ós nenos do Concello.

O ter un número limitado de prazas dispoñibles, tívose que recurrir a unha selección que foi levada a cabo, entre os rapaces de segunda etapa, polos mestres do Colexio coa participación dos propios nenos, e baseada a mesma no bó comportamento e no aproveitamento académico.

A viaxe, que nun principio estivo programada para a metade de xaneiro, pola imposibilidade de visita-lo Congreso de Diputados debido os compromisos de datas, foi aplazado para a primeira semana de febreiro.

Madrid amosóuse ós rapaces coma ún dos conxuntos urbáns máis ricos e variados onde destacan belas mostras dos variados estilos arquitectónicos: Renacentista, Barroco, Neoclásico, Modernista, Funcionalista..., xunto o descalabro urbanístico producido polo crecemento acelerado, a partires do segundo tercio do noso século, dos barrios obreiros que transformáronse en conxuntos urbanísticos populosos, sen a penas espazos baldeiros e con unha gran falla de servizos públicos.

Barrios como Vallecas, Chamartín, Carabanchel... convertidos en cidades auténticas, polo crecemento desmesurado, crearon un cinto urbano que afoga o Madrid antigo, castizo e señorial, e que modelou a un novo tipo de cidadán madrileño, ledo e chascorrandeiro, de fala garimosa e trato amable; froito da mistura de inmigrantes de tódalas comunidades que foron alimentando, durante anos, estes barrios.

Os rapaces foron acompañados o longo de todo o apretado programa de visitas, polo alcalde, concellais, representantes do A.P.A. e mestres.

O luns, día 3, todo o grupo desprazouse a artística e fermosa Vila de Aranjuez onde visitaron o pazo, xardíns, casa do labrego e casa do mariñeiro, logo de observaren durante o recorrido a paisaxe castelán.



O seguinte día, tal como estaba programado, pola mañá, fíxose a visita o Congreso de Diputados onde os rapaces puderon recorrer todo o hemiciclo e estrado da presidencia do Congreso.

Polo serán, a pé, fíxose un recorrido polo Madrid monumental e Barroco dos Austrias, podendo ollar as máis belas mostras de pazos e casas señoriais.

O mércores, tamén pola mañán, os rapaces tiveron a ocasión de ollar de preto a variada fauna do zoolóxico madrileño, catalogado como un dos milliores de Europa, par logo efectuar unha viaxe no metro e coñece-lo tan singular sistema de transporte de gran cidade.

Despois de xantar, visitaron o museo de arte contemporáneo que ofrece obras de recoñecida sona mundial, e nas que o estilo artístico adquire o máis alto grado de variedade na expresión plástica tanto na temática e formas, como en materiais empregados na súa feitura. Logo, o saír fixeron unha rápida visita o museo do ferrocarril.

O xoves, despois de almorzar, recorreron as longas salas do museo do Prado onde se atopan as máis valiosas xoias da pintura universal. Obras de Velázquez, Goya, Murillo, O Greco, O Bosco, Zurbarán... desfilaron fronte os sorprendidos ollos dos nosos rapaces.

O saír, tamén poideron ollar no Caserón do Retiro a obra máis representativa de Pablo Picasso, na que co seu estilo inconfundible, reflexa o arrepio polo bombardeo, durante a nosa guerra civil, do tranquilo pobiño vasco de Guernica.

Pola serán, a maioría dos rapaces poideron brincar ás súas anchas polo monumental Estadio futbolístico "Santiago Bernabeu" do Real Madrid. Logo, tamén estiveron recreándose cos impresionantes persoaxes do museo de cera.

Finalmente, o venres, último día de estancia en Madrid, aproveitouse para visita-lo castelo de Manzanares e subi-lo porto de Navacerrada onde os rapaces poideron disfrutar nas pistas de neve da estación invernal. O serán, foi aproveitado para facer as compras de regalos no coñecido centro comercial da Vaguada.

Cansados e entristecidos polo remate da viaxe, o sábado día 8, regresaban para o Concello todo o grupo recollendo como impresión xeralizada: o bó comportamento de tódolos rapaces que observaron, con toda exactitude, as indicacións, que en todo momento lles facían os responsables do grupo.

Para os que se quedaron, transmitirles a esperanza de que, cicais, para o próximo ano teñan unha nova oportunidade.

Un esclarecedor ano novo frente o escuro 1985



Parece ser que coa entrada na O.T.A.N., seremos totalmente europeos, e concederannos tódolos dereitos, xa que os deberes, desde hai tempo coma emigrantes xa os viñamos cumprindo, é dicir colaboramos desde hai tempo ó progreso de Europa sen ter as vantaxes de ser cidadáns.

ou o que é o mesmo o feudo do Sr. Fraga, non despertaba excesivo interés.

Os albaceas do Sr. Fraga que vixian o patrimonio galego para que a colleita de votos permita que o seu lider siga aspirando a gobernar en Madrid, só tiñan unha dúbida: se gañarían por maioría absoluta, tal como viña pregoando o goberno presidido polo Doctor Fernández Albor.

A victoria real da súa candidatura, pero sen alcanzar a maioría pregoada, tornouse nunha seria derrota que polo pronto, cuestiónalle a posibilidade de seguir gobernando.

Os resultados electorais que se supoñían un puro trámite para o goberno galego, trocouse nun traspés serio que dá á nosa terra unha nova perspectiva de interés político do que veu carecendo ata agora.

Politicamente, este novo ano comezou facendo de todos nós uns novos e dinámicos cidadáns europeos, polo que será sinalado na nosa historia con números de ouro, namentras que o pobre oitenta e cinco, que nos tivo moitas noites coa alma en vilo e o corazón nun puño, suando cada anaco de condicións favorables, e chorando cada perda en compensación nas duras negociacións de adhesión levadas a cabo en Bruselas, esquencerase sen pena nin gloria.

O ano 86 sacará a espiña da duda da O.T.A.N. que o goberno de Madrid cravounos co seu slogan electoral: OTAN, de entrada non", e que nunca se soubo ben se quería dicir que non debiamos entrar, ou que debiamos saír, ou que saíramos máis tarde, ou que sen entrar de todo non deberiamos saír...

Despois do vrán, o oitenta e seis despedirase deixándonos para os próximos catro anos ben clarexado cal vai se-lo próximo goberno despois dunha batalla electoral, que coma todas as confrontacións, non estará valeira de sorpresas que aumentarán o seu interés.

Para rematar de facer a este ano novo un ano afortunado, tócalle clarexarnos cal vai se-lo próximo campeón mundial de fútbol que distraerá a atención, e axudará a levar mellor calquera penalidade que traia escondida.

Así pois, enterramos ó sufrido oitenta e cinco, coa súa mortalla gris e anodina, e acolleemos esperanzados a este novo ano con cara máis leda e un carrusel de sorpresas.

Convén, para centrar ben a nosa esperanza no que vai depararnos este ano novo de 1986, volta-la vista atrás e recompoñer o que en síntese foi o común denominador do ano que rematou dentro do panorama galego, que é o que máis nos afecta.

ECONOMIA

O ano 1985, frente a este novo ano, foi un ano escuro, de alerta, de rigores e estreiteces económicas, en definitiva, semellaba un enfermo convalescente que saía do hospital despois de unha grave operación con un severo réxime de cuidados.

O oitenta e cinco traía ó nacer o gran trauma producido pola urxente ciruxía de reconversión á que foi sometida a economía do noso país polo especializado cerebro do ministro Boyer que seccionou, sen moitas contemplacións numerosas frebas mortas da nosa economía.

O trauma da reconversión fixo que todo o mundo estivese alerta e vixiante dos signos vitais da economía. Todos recordamos, xa nos primeiros meses, a alarma que xurdiu entre tódolos especialistas e detractores do goberno de Madrid, cando a inflación superou os índices previstos e puxo en cuestión a necesidade de tan dorosa operación que custou moitos novos miles de parados.

Os seguintes meses foron máis comedidos e a inflación mantúvose nas subidas previstas. Ó chegar o vrán sentimos un gran alivio cando o mes de agosto alcanzou só unha subida do 0,4 por cento: a inflación mensual máis baixa dos últimos dez anos.

1986, economicamente naceu máis



A baixada da gasolina, regalo de reis do ano 1986

agraciado, máis riseiro. De principio, trae dous importantes regalos herdados do sacrificio 85: a alentadora baixada da gasolina e os bos resultados da inflación que transmiten unha certa confianza nas medidas adoptadas polo goberno. Logo, as dúas tenazas que teñen asfixiada a nosa economía: o alto precio do dólar e o custo do petróleo, presentan claros síntomas de tendencia á baixa e permiten acometer con certo optimismo a implantación do I.V.E.

POLITICA

Politicamente o ano 1985 foi moi pobriño. No panorama nacional nada inquadaban no horizonte. Só Galicia iba a celebrar eleccións e, catalogada como a reserva tradicional da dereita,

PILI VEIGA:

unha atleta con futuro

Naceu hai 20 anos en Esparís-Viceso e estudia 2º curso de Educación Física na Universidade de Granada. Tén xa un magnífico palmarés en competicións atléticas e parécelle que nas escolas é máis importante que haxa deporte para tódolos nenos que gañar un campionato ("máis que deporte de competición, educación física de base").

Pili Veiga comezou a practicar atletismo correndo cross en 1979. No 79 foi campeona galega en 1000 metros lisos na categoría infantil; foi 4º na súa categoría no cross nacional de Fuenlabrada. No 82 gañou o campionato escolar galego de campo a traveso; fixo o 6º posto no campionato de España; 2º no campionato galego absoluto en 800 metros no mesmo ano 82; ó ano seguinte queda 1.ª nesa especialidade e 3.ª no campionato nacional junior; etc, etc. Entremedias desto, unha fractura de peroné, os estudos, as probas de ingreso na Universidade, etc.

Foi capaz de correr 800 metros lisos en 2 minutos e 13 segundos; 1500



metros en 4 minutos 42 segundos; 400 metros en 59 segundos; e 200 metros en 26 segundos.

Normalmente entrena hora e media tódolos días; na primavera máis tempo.

Do deporte escolar en Galicia opina que "os recentes éxitos do deporte nacional (baloncesto, atletismo...) fan que os colexios manifesten un maior interese por el. En Galicia nótase unha carencia de instalacións nas escolas en comparanza con outras rexións, como por exemplo, Cataluña. Préstaselle pouca atención á educación física do neno nas primeiras etapas da educación. O problema da educación física nas escolas é debido principalmente á falla de preparación do profesorado. As veces compensa ter un material peor que o regulamentario pero suficiente para que tódolos nenos poidan utilizalo".

Os proxectos de Pili de cara ó futuro, no deportivo, son rebaixa-la súa marca de 800 metros a 2 minutos 8 segundos; o que supoñería os primeiros postos no ranking nacional, sempre que as lesións llo permitan e que poida compaxina-los estudos cos desprazamentos do seu equipo, o Club Universitario de Atletismo de Santiago.

Eis unha disciplinada deportista, que non pensa só en arrecadar medallas, senon en promover a práctica do deporte entre a nosa xuventude.

Éxitos, Pili.

Xesús Esparís

PASATEMPOS

PRA CAVILAR

CUADROGRAMA

HORIZONTAIS

- 1.— Parroquia de Brión.
- 2.— Estados Unidos de América. Vocal. Instrumento musical antigo de cordas.
- 3.— Mamífero voador
- 4.— Antigo imposto substituído polo IVE. Vocal. Extremidade (en castelán).
- 5.— (En castelán) escoitaba. Regalo (0 revés) 6l en caracteres románs.
- 6.— De tez soleada. Dous en caracteres románs.
- 7.— Vocal. Afirmativo. Edulcorante natural. (O revés) marcha.
- 8.— Consoante. Atréveráse.

VERTICAIS

- 1.— Crista do tellado. Da miña propiedade.
- 2.— Animal plantigrado. Irmán do meu pai. Consoantes.
- 3.— Que está espaciando unha cousa. (En castelán) manifesta alegría.
- 4.— Fariseo amigo de Xesucristo.
- 5.— Que habitan nun país Europeo.
- 6.— (En castelán) preposición propia. Para gardar os paxaros.
- 7.— Consoante. Bebida favorita dos piratas. Facer moito frío.
- 8.— Vocal. Trunfo na baralla. Froito con óso.

	1	2	3	4	5	6	7	8
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								

SOLUCIÓNS OS ANTERIORES PASATEMPOS

Para recordar:

1.— A estatua representa ó deus mensaxeiro adorado polos gregos co nome de Hermes e polos románs como Mercurio.

2.— Don Luis Tobío foi o vicío de Brión que trouxo as reliquias da Santa Bésde Cádiz a Brión no ano de 1848.

Para cavilar:

1.— Xan tén 24 anos e Pedro 18. E así porque, efectivamente, Xan tén o dobre dos anos que tiña Pedro cando él tiña 18, porque deso hai seis anos e, entón Pedro tiña 12. Ademais, cando Pedro teña a idade de Xan, é dicir 24, será dentro doutros seis anos e, entón, Xán terá 30, polo que sumando as dúas idades son os 54 anos que decíamos.

— Un artista ambulante andaba polas feiras con unha ovella e un lobo amaestrados cos que divertía os paisanos e, co que lle daban, quitaba para vivir. Unha tarde iba camiñando cos dous animais e levaba un repolo para cear de noite, cando se encontrou que tiña que atravesar un río con unha barca na que collía el e unha soa cousa das tres que levaba. O verse no apreto pensaba: "se paso primeiro o lobo, a ovella cómete o repolo, e se paso primeiro o repolo, o lobo cómete a ovella" ¿como fixo para pasar as tres cousas sen perder ningunha?.

2.— Será o reló parado, porque se está parado, por exemplo, nas cinco e media, sinalará dúas veces no día a hora exacta; namentras que o outro, ó adiantar tres minutos cada hora tardará moito para adiantar as doce horas de xeito que volva a marcar a hora exacta por primeira vez.

CUADROGRAMA

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	S	O	F	E	N	I	X	X
2	A	A	A	D	A	T	U	U
3	I	N	U	T	I	L	R	L
4	D	I	S	I	P	A	A	I
5	A	L	T	A	M	I	R	A
6		M	O	I	T	O	S	N
7	M	E	R	C	U	R	I	O

DON LUIS TOBIO CAMPOS:

Un poeta da Amahía

Traemos hoxe a Altamira a memoria de D. Luís Tobio Campos, cadrando coa recente publicación da súa "Colección de Cantigas da Mahía" por parte do Seminario de Estudos Galegos e coa próxima aparición da súa reseña biográfica na Gran Enciclopedia Galega.

O libro que ven de publicar-lo Seminario de Estudos Galegos é unha colección de 593 cantigas populares que o autor recolleu na nosa comarca nos anos da súa mocidade, en 1880. Na súa antigüidade está o mérito.



Naceu don Luís Tobio Campos o día 4 de Santos do ano 1861 no lugar de Lamiño, da parroquia de San Fiz de Brión.

Foi seu pai don Ramón Tobio Martínez, labrego acomodado, fillo de María Xosefa Martínez Vioxo, irmá do pai de Rosalía de Castro, coa que ésta pasou unha parte da súa infancia e mocidade en Ortoño. A nai de don Luís era dona Xoana Campos, natural de Lamiño.

Comezou os seus estudos primarios co irmán de seu pai, don Luís, que era mestre no mesmo Brión. Logo mandárono a Santiago pra seguir a carreira do maxisterio.

Na Escola Normal de Compostela conseguiu en 1881 o título de Maestre de Primeiro Ensino. Como tal, estivo de interino nas escolas públicas de Riveira e de Vilagarcía. Fixo, coeste motivo, amizade con homes de gran valía, coma foron Fernández-Gil y Casal e Carús Falcón, que avivaron nel a curiosidade por todo o que era laboura intelectual.

En Vilagarcía pasou cinco anos que deixaron nel unha fonda saudade cara á fermosa vila; alí publicou artigos e poesías na prensa da localidade.

No 1893 decide irse a Madrid pra seguir os cursos na Escola Superior de Maxisterio, que o poría en condicións de poder acadar unha praza de Profesor nas Escolas Normais.

Rematou os estudos na Escola Normal Central, na que tivo coma mestres homes coma don Bartolomé Cossío e a traveso deles ponse en contacto coa Institución Libre de Enseñanza, avanzada entón do ensino na Península, coñecendo nela a don Francisco Giner, cuas doutrinas e leccións deixarían nel fondo sinal.

Dende Madrid fixo unha viaxe a Roma, o que ampliou a súa formación e horizontes intelectuais.

Volto á súa escola de Viveiro, destacou deseguida no meio local polos seus bastos coñecementos e o seu valor coma pedagogo. Daba conferencias, publicaba artigos, interviña en actos culturais, etc.

Aparte das súas tarefas coma mestre na escola de San Francisco de Viveiro, foi Profesor no Colexio Insigne da Navidade, da mesma cidade, adicándose tamén ó ensino privado. Elo fai que de un xeito ou de outro moitos viveirenses de entón foran seus discípulos, deixando antre eles unha lembranza inesquecible da súa

Se algún día te arrepiñes
de algún ben que me fixeche,
dame os bicos que che din,
volveteche os que me deche.

Santa Minia milagrosa,
sentada na súa silla,
mirando para Lamiño
que lle parece unha vila.

Por Altamira andei
tras dunha costureiriña;
agora quedei sen ela
como a agulla sen a liña.

O amor que ha de ser meu
ha de baixar de Luaña;
ha de ter cadeo de ouro
na cabeceira da cama.

Canta, Xoaniña, canta,
que nas Torres de Altamira
oín a túa garganta.

Pasei a Ponte Maceira
con unha vela encendida,
agora tomei amores
para toda a miña vida.

Algún día, no meu tempo,
fun labrador algúns anos;
sementei lindos amores
e collín tristes enganós.

personalidade.

No 1905 casou con dona Mérida Fernández, da familia fidalga de Viveiro dos Pardo-Vaamonde.

En Viveiro publicou o seu primeiro libro de poesía, "Ecos y Esbozos" no ano 1912, no que recolle poesías en galego e castelán, algunhas compostas en Vilagarcía había xa algún tempo.

No 1915 é destinado, a petición propia, á escola graduada anexa á Escola Normal de Santiago e alí, pouco despois, publica dous libros de poesías: "Rosiñas da Terra" en galego (1917) e "Rimas Galicianas" en galego e castelán (1935).

Xubilado do Maxisterio, faleceu en Santiago no 1943, contando 82 anos de idade.

Don Luís Tobio Campos era Académico Correspondente da Real Academia Galega, en cuio "Boletín" publicou varios traballos en col de temas folklóricos.

Era tamén da Sociedade Astronómica de Barcelona, coa que colaborou con varias observacións, xa que era un gran matemático.

En 1898 recibira a Cruz de Isabel a Católica.

X.L.F.

AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10
SERVICIO OFICIAL

SEAT



ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS
HORREOS
ESCUDOS
CHEMINEAS
FONTES
BANCOS
ESCULTURAS

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:
BASTAVALES

SANTIAGO

Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico
Sanitarios - Abonos químicos
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

José Caramés
Brion (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,
Traídas de Auga, etc.

EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N

Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA



**LA VASCO
NAVARRA**

SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º
TELEFONO: 58 48 91
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7

Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA

MARCELINO
LEMA
LOBATO
LEMA



ASERRADERO
ASTILLADORAS
MADERAS

Fábrica y Oficinas:
Telf. (981) 883034 - Part. 590191
BASTAVALES - SANTIAGO
(Coruña - España)



Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83
LOS ANGELES

SANTIAGO

Construccions

FRAGA

Obras de Albañilería en xeral
BRION



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION
ESTUDIOS. PROXECTOS E PRESUPOSTOS
CONSERVACIONES. REPARACIONES
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS



GALLINA BLANCA
PURINA

**COMERCIAL AGRICOLA
DA MAHIA, S. L.**

Teléfono 88 32 50
**OS ANXELES
BRION**



ASOCIACION CIVIL
AMIGOS DE SANTIAGO

**Restaurante
"O' FUMEIRO"**

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)

PANADERIA

SERRAMITO

Os Anxeles-Brion
Tel. 88 31 55



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**
SANTIAGO DE COMPOSTELA